



Expediente 9.333/407.

Asunto: Bases para a convocatoria dunha proba para a selección dun arquitecto interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de interinos de arquitectos.

RESOLUCIÓN DA VICEPRESIDENTE DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Visto o informe-proposta de data 12.01.2016, asinado polo xefe dos Servizos Centrais e o Xerente deste Organismo Autónomo, de conformidade co artigo 5.1.f) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo e a delegación presidencial de 6 de xullo de 2015 (BOP de 20.07.2015),

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as Bases da convocatoria para a selección interina de un/unha arquitecto/a, que de seguido se indican:

“BASES PARA A CONVOCATORIA DUNHA PROBA PARA A SELECCIÓN DUN ARQUITECTO INTERINO E ELABORACIÓN DE RELACIÓN DE CANDIDATOS PARA NOMEAMENTOS DE INTERINOS DE ARQUITECTOS.

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto desta convocatoria a selección, mediante a realización dunha proba, dun arquitecto superior, encadrado na Escala de Administración especial, Subescala técnica, clase superior, pertencente ó grupo A, subgrupo A1, para o seu nomeamento como funcionario interino e para a elaboración de relación de candidatos a arquitectos interinos a nomear, baixo algunha das modalidades previstas no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 261 de 31.10.2015) e no artigo 23.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (BOE nº 123 de 23.05.2015).

SEGUNDA.- Sistema de selección.

A selección realizarase, respectando os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, mediante a realización dunha proba escrita na que se recoñecerá o dominio da materia, a capacidade de relacionar conceptos e aplicalos en supostos concretos.

A proba versará sobre as seguintes materias:

- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo de 1993: Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia). A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10.05.1993 e a súa normativa foi publicada no BOP nº 133 o día 14.07.1993.



Expediente 9.333/407.

Asunto: Bases para a convocatoria dunha proba para a selección dun arquitecto interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de interinos de arquitectos.

- Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación (BOE 28.03.2006). Esixencias básicas e Documentos Básicos DB-SI e DB-SUA.

- Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

- Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.

- Ordenanza Municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa. Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello na sesión do 28.10.2013 (BOP nº 235, do 9.12.2013) e anexos modificados por resolucións da Vicepresidente da XMU de datas do 20.01.2014 (BOP nº 53, do 18.03.2014), 06.03.2014 (BOP nº 103, do 30.05.2014) e 12.11.2015 (BOP nº 2, do 05.01.2015).

- Ordenanza Municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida por ruídos e vibracións e declaración de zonas acusticamente saturadas (ZAS). Regulamento de actuación municipal para protexer as persoas e os bens contra as agresións producidas polos ruídos e vibracións. Inclúe no anexo o Manual de procedemento do Concello de Vigo para a medición de ruídos e vibracións (BOP nº 69, do 10.04.2008).

A **proba de selección** constará de dúas partes a realizar nunha única sesión:

- Primeira parte, na que se deberá responder a un cuestionario tipo test de 20 preguntas con tres alternativas de resposta e nun tempo máximo de 30 minutos.

- Segunda parte, a realizar a continuación cun descanso intermedio de 10 minutos, composta de 3 preguntas teórico-prácticas a desenvolver en 90 minutos. Para a realización desta segunda parte poden utilizarse os textos legais e normas (sen comentarios) anteriormente indicadas na relación de materias sobre as que versa a proba.

O tribunal indicará, ó rematar a proba, o día e hora da lectura da segunda parte, que poderá ser no mesmo día. Nesta sesión de lectura o tribunal poderá formular ós aspirantes as preguntas aclaratorias que estime pertinentes.

A puntuación máxima da primeira parte será de 4 puntos. As respostas mal contestadas restarán 0,10 puntos cada unha e as deixadas en branco non restan da puntuación acadada no test. A puntuación máxima da segunda parte será de 6 puntos. A superación da proba require



Expediente 9.333/407.

Asunto: Bases para a convocatoria dunha proba para a selección dun arquitecto interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de interinos de arquitectos.

acadar unha nota mínima de 5 puntos como resultado da suma dos puntos de cada parte da proba. Na primeira parte da proba tense que acadar un mínimo de 1,5 puntos para poder sumar na nota final e na segunda un mínimo de 3,00 puntos.

TERCEIRA.- Requisitos dos/as aspirantes.

Para ser admitido ás probas cómpre:

- a) Ser español.
- b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de arquitecto superior ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo para presentar as solicitudes.
- d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño da interinidade.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ó último día de prazo de presentación de solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data de nomeamento.

CUARTA.- Solicitudes.

As solicitudes presentaranse no Rexistro desta Xerencia Municipal de Urbanismo no prazo de 7 días naturais a partir do seguinte ó de publicación no xornal de principal difusión da provincia. Anuncio que será publicado igualmente xunto coas bases desta convocatoria na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios deste Organismo Autónomo.

As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección deberán facelo constar en solicitude dirixida ó Sr. Presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, declarando que reúnen tódolos requisitos sinalados na base terceira anterior e achegando unha fotocopia do documento nacional de identidade.

Rematado o prazo de presentación de instancias ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/excluídos que será publicada na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios deste Organismo Autónomo, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións. Ditas reclamacións se as houbera, resolveranse polo mesmo órgano que aprobou a lista provisional a través de resolución pola que se aprobará a lista definitiva. Esta resolución igualmente se publicará na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e no taboleiro de anuncios deste Organismo Autónomo.

QUINTA.- Tribunal cualificador.



Expediente 9.333/407.

Asunto: Bases para a convocatoria dunha proba para a selección dun arquitecto interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de interinos de arquitectos.

Consonte co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal terá a seguinte composición:

Presidente: María Luisa Sobrino del Río.
Suplente: Sonia Pérez Sánchez.

Secretario/a: Blanca Roig Sánchez.
Suplente: Juan González Ramírez.

Vogal (1): María Cristina Chao Polo /suplente: Paula Martínez Vidal.
Vogal (2): Susana Rivadulla López /suplente: David Carvajal Rodríguez Cadarso.
Vogal (3): María del Carmen Gómez Manzano /suplente: Juan Luis Piñeiro Ferradás.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do presidente e do/a secretario/a ou os que legalmente os substitúan. Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicarllelo a autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusa-los membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias. Tódolos membros do tribunal que asistan ás probas percibirán as asignacións que lles correspondan segundo a súa categoría de conformidade co Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

SEXTA.- Relación de aprobados.

Rematada a cualificación dos/as aspirantes, o Tribunal publicará a designación do aprobado. Dado que en ningún caso o número de aspirantes aprobados pode excede-lo número de prazas convocadas, a relación definitiva de aprobados se confeccionará co aspirante que obteña a maior puntuación. En caso de empate colocarase en primeiro lugar o que teña máis puntuación na segunda parte da proba e, de persistir este, o de maior idade.

O tribunal elevará a citada relación á Vicepresidente (ou ó concelleiro que reciba a correspondente delegación presidencial) para o seu nomeamento.

SÉTIMA.- Lista de reserva.

A lista coa totalidade dos presentados e a puntuación acadada quedará para poderen ser utilizada como reserva, tanto coma para substituír ó seleccionado por procesos de incapacidade temporal, renuncia, maternidade ou calquera circunstancia similar, como para a provisión interina dun/ha arquitecto/a.



Expediente 9.333/407.

Asunto: Bases para a convocatoria dunha proba para a selección dun arquitecto interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de interinos de arquitectos.

Esta lista poderá ser utilizada, respectando sempre a orde de puntuación, ata que se confeccione unha nova lista, tendo en todo caso unha duración máxima de tres anos contados a partir da publicación da relación de aprobados deste proceso selectivo.

Cando cada un dos aspirantes incluídos na lista fose chamado para ocupar un posto, ó rematalo período de prestación recuperará o seu lugar inicial da mesma, de xeito que pode ser chamado para unha nova interinidade.

OITAVA.- Presentación de documentación.

No prazo de tres días, contados desde o día seguinte á publicación da designación do aspirante aprobado no taboleiro de editos municipal, este deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello os documentos que seguidamente se relacionan:

a) Fotocopia do seu documento nacional de identidade, que se deberá presentar co orixinal para compulsar.

b) Fotocopia do título de arquitecto superior, debidamente compulsada, ou, no seu defecto de ter abonado os dereitos para a súa expedición.

c) Declaración xurada contendo:

- Que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Que non se acha incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente, referido ó momento da toma de posesión.
- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

Os que dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presenten a súa documentación ou non reúnan os requisitos esixidos non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puideran incorrer por falsidade na súa instancia solicitando participar no proceso selectivo. Neste caso, igual que para o desistimento, será nomeado funcionario interino o seguinte candidato por estrito orde de puntuación, que tivera superado o proceso de selección.

NOVENA.- Nomeamento e toma de posesión.

O/a aspirante proposto/a que presente a documentación preceptiva será nomeado/a funcionario/a interina pola Vicepresidente (ou ó concelleiro que reciba a correspondente delegación presidencial), e deberá tomar posesión no prazo máximo de tres días, contando desde o día seguinte ó que se lle notifique o citado nomeamento. Quedarán en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixera no prazo sinalado.



Expediente 9.333/407.

Asunto: Bases para a convocatoria dunha proba para a selección dun arquitecto interino e elaboración de relación de candidatos para nomeamentos de interinos de arquitectos.

DÉCIMA.- Incidencias.

O Tribunal queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nestas bases.

UNDÉCIMA.- Impugnación.

Os interesados poderán impugna-la presente convocatoria e as súas bases, así como tódolos actos administrativos que se deriven da mesma nos casos establecidos na normativa vixente en materia de procedemento administrativo.”

Segundo.- Convocar o referido proceso de selección e publicar a convocatoria nun xornal de principal difusión da provincia, na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Vigo, 12 de xaneiro de 2017

Ante mín,
O Secretario da
Xerencia de Urbanismo

A VICEPRESIDENTE

José Riesgo Boluda

María José Caride Estévez